

Guía sobre as probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º e 6º Curso de Grao Profesional ¹

Acceso ao curso 2023/24

- REQUISITOS

Pódese acceder a calquera curso das ensinanzas profesionais sen ter cursados os anteriores. Non hai límite de idade.

- PRAZOS E DATAS

No documento *Prazos e datas de interese do acceso a 2º, 3º, 4ºGE e 2º, 3º, 4º, 5º, 6ºGP*, publicado na web do centro, poderase consultar a información ao respecto.

- DESENVOLVEMENTO DAS PROBA

Para todas as especialidades as probas constarán de dous exercicios, que teñen carácter eliminatorio e que consisten en:

- A) Interpretación, no instrumento da especialidade á que opte, ou coa voz para Canto, de tres obras de distintos estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria.
- B) Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos do resto das materias dos cursos anteriores ao que se opte. E dicir, de todas as materias dende as de 1º Curso de Grao Profesional ata as do curso inmediatamente anterior ao que se opte.

Para superar a proba cumpre ter unha cualificación mínima de cinco puntos sobre dez en cada un dos exercicios. A puntuación definitiva será a media ponderada da cualificación obtida nos dous exercicios, cos seguintes porcentaxes: 70% o exercicio A e 30 % o exercicio B.

- CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os contidos e criterios de avaliación das probas pódense consultar nas programacións didácticas das materias que están a disposición do alumnado na páxina web do centro.

¹ **Lexislación aplicable:** Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música. Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

- SUPERACIÓN DA PROBA E OBTENCIÓN DE PRAZA

Se o número de solicitantes é superior ao de prazas ofertadas, a adxudicación destas realizarase por orde de puntuación na proba de acceso e, de ser igual a cualificación, desempatarase pola puntuación obtida na parte A.

- OBSERVACIÓNS

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI e do resgardo da inscrición.

Os alumnos deberán aportar as partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal.

Para a realización do exercicio A e B da proba naquelas obras que así o requiran, os aspirantes deberán aportar os seus músicos acompañantes.

Para a realización das probas escritas, os alumnos deben traer bolígrafo, lapis e goma.